






# DO GALIÑEIRO AO ALOIA

Adela Leiro, Mon Daporta  
maio 2018



Distancia: 20 km (ida e volta)  
Dificultade: media



## Do Galiñeiro ao Aloia e volta

Ou pasar unhas horas camiñando por un itinerario ben sinalizado no que se suceden subidas e baixadas non moi exixentes, a non ser nun par de sitios moi concretos e algúns puntos estragados - cousas deste inverno interminable e do moito trafego que soporta o roteiro (peóns, bicicletas, motos...)-, percorrendo os lombos da serra do Galiñeiro para coñecer e gozar das panorámicas a un e outro lado que abranguen Vigo e a ría, o val Miñor, a Depresión Meridiana, con Porriño e o val do Louro, o tramo final do Miño entre Arbo e o Tegra; e lamentar os estragos do lume, e a inconsciencia dos que o prenden, vendo o monte arrasado no que só quedan as pedras lavadas e catro piñeiros illados que sobreviviron ao desastre.



## PERCORRIDO

Partindo da área de lecer que atopamos ao pé do Galiñeiro, subindo dende Vincios, camiñamos ata o refuxio e alí comezamos levando o monte á dereita, logo collemos o primeiro desvío á dereita para achegarnos por carreiros aos cumes do **Galiñeiro norte**, despois baixamos á pista que pasa entre os cumes norte e sur, subimos ao cume do **Galiñeiro Sur** e volvemos baixar, para continuar, agora en baixada, deixando o monte á dereita e desde ahí, xa sen perda, subindo unhas veces e baixando outras, con moi poucos tramos chans, chegamos ao pé do **Aloia** onde temos varias posibilidades de seguir, pero a máis curta e pola que nos guían os indicadores, que nos levan á capela de san Xiao.

E aos que, coma nós, conten co bar do Aloia como apoio loxístico, recordarlles que pecha os martes.

A volta podemos calcala polo camiño da ida ou facerlle uns cambios maiormente demorándonos en miradoiros e voltas polo cume do Aloia e rodeando logo os Galiñeiros desviándonos, seguindo de fronte ao rematar o traxecto chan que hai despois de cruzar a estrada (subida difícil) ou, máis adiante, ao chegar ao pé do monte, subindo unha costa á esquerda para deixalo á dereita camiñando logo por unha pista boa ata completar o percorrido co que superaremos ben os 20 km.



Cume do Galiñeiro Norte



Monte Galiñeiro Norte vista desde o Arruído ou Galiñeiro Sur



Monte Galiñeiro Norte: rochas e covas





Monte Galiñeiro Sur



O Barranquiño



Serra de Prado



Coto Penido







Montes de Bouzas



Monte Aloia: restos da muralla ciclópea



Monte Aloia: acacias



Vistas desde o Monte Aloia cara ao val do Miño



Monte Aloia: ermida de San Xiao e pradairo



Monte Aloia: Cama do Santo, unha rocha con lendas



Monte Aloia: abeto branco



Monte Aloia, vista sur